



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

SESIÓN ORDINARIA DE 29 DE FEBREIRO DE 2.008

Na Casa de Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e dez minutos do día vintenove de febreiro de dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luis Varela Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D^a Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D^a Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez e D^a Dulce María Neira Fraga, membros que constitúen o Pleno deste Concello na súa totalidade, có obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Non asiste, habendo xustificado a súa ausencia, o Sr. Concelleiro D. Arcadio Lombao Román.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ó exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1- APROBACIÓN DA ACTA DAS SESIÓNS PLENARIAS DE DATA DE 28 DE DECEMBRO DE 2007 E 11 DE FEBREIRO DE 2008.

Ponse de manifesto os membros da Corporación as actas das sesións plenarias celebradas o pasado día 28 de decembro de 2007 e 11 de febreiro de 2008, cuxas copias se remitiron aos Concelleiros adxunta a notificación da convocatoria da presente sesión.

Sométese a votación a aprobación das citadas actas. Realizada a votación, ditas actas quedan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes.

2- PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO DE LUGO.

Iníciase o debate mediante e exposición polo sr. Alcalde, do contido do Pacto Territorial de emprego de Lugo, tralo cal sinala que, a día de hoxe, todavía non se sabe qué concellos se adherirán a dito pacto, se ben espera que sexan tódolos concellos incluídos no mapa adxunto.

A continuación, dona Dulce María Neira Fraga, en representación do Grupo Municipal do BNG, engade que o BNG secunda o enfoque comarcal do pacto, e demanda que o pacto non quede nunha mera declaración de intencións. Remata dicindo que, ao seu modo de ver, o pacto territorial é axeitado para acadar unha mellora do emprego.

Fai uso da palabra don Miguel Ángel López Varela, voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que o califica de boa iniciativa, xa que pode ser un instrumento importante para a creación de emprego.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Asegura o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, don José Pardo Lombao, que por parte do Concello de Outeiro de Rei non quedará nunha mera declaración de intencións.

Destaca que a participación do Concello de Outeiro de Rei no pacto é importante, xa que a participación se calcula en función da afiliación á seguridade social no termo municipal, o que permite que o Concello de Outeiro de Rei acade representación igual a outros concellos con maior poboación.

Espera o sr. Alcalde que o pacto sexa capaz de coordinar a demanda de postos de traballo coa oferta laboral, o que esixe planificar a formación dos traballadores coa finalidade de axeitara as demandas existentes.

Resalta a importancia de que se teña en conta aos concellos nas políticas de emprego, e que neste caso acadan unha representación do 30%.

Coma a incorporación ao pacto territorial de emprego de Lugo esixe o nomeamento de dous representantes, propón o nomeamento de José Pardo Lombao como titular e don Serafín Vázquez Arias como suplente.

O sr. Miguel Ángel López Varela, voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, dí que sería máis lóxico que tivesen representación os grupos da oposición.

Sinla o sr. Pardo Lombao que poderían darse casos de conflito entre a representación do concello e os seus órganos de goberno.

Dona Dulce María, en representación do Grupo Municipal do BNG, asegura que sería máis democrático o permitir a representación de tódolos grupos políticos municipais.

Afirma o sr. Pardo Lombao que non sería nin máis democrático nin máis eficaz, xa que se a representación non a ostenta quen goberna, o representante vai alí a pasar o tempo.

O sr. Miguel Ángel López Varela propón votar por separado a adhesión ao pacto territorial e o nomeamento dos representantes.

Respalda a proposta dona Dulce María, que manifesta o seu apoio á adhesión ao pacto pero non á proposta de nomeamento exposta polo Alcalde.

Recorda o sr. Alcalde que estamos a tratar un único punto da orde do día, polo que unicamente existe unha votación.

Informa o sr. Miguel Ángel que o seu grupo vai a votar a favor da proposta, pese a que defenden a conveniencia de que se atopen representados os restantes grupos da corporación.

Dona Dulce María apoia a adhesión ao pacto de emprego, se ben sinala que se debería permitir unha representación rotatoria dos restantes grupos da corporación.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Pon o sr. Alcalde como exemplo á Xunta de Galicia, que pese a que o Partido Popular ten unha sinalada representación no parlamento galego, non se atopa representado na Xunta, o que é lóxico. Esta lóxica na representación debe transpolarse aos concellos.

Sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Acordar a participación do Concello de Outeiro de Rei na asociación impulsora do Pacto territorial de emprego de Lugo.

Aprobar os estatutos transcritos na presente proposta como anexo

Nomear como representantes do Concello de Outeiro de Rei na citada asociación a don José Pardo Lombao como titular e a don Serafín Vázquez Arias como suplente.

ANEXO

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE IMPULSO DO PACTO TERRITORIAL DE LUGO

TÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Denominación

Coa denominación de “ASOCIACIÓN IMPULSORA DO PACTO TERRITORIAL DE EMPREGO DE LUGO” constitúese en Lugo unha asociación voluntaria e sen ánimo de lucro, que posúe plena capacidade de obrar con arranxo ao establecido na Lei Orgánica reguladora do Dereito de Asociación 1/2002 de 22 de marzo e nos presentes Estatutos.

Artigo 2. Fin e Actividades da Asociación

1. Esta Asociación perseguirá os seguintes fins:

Promover e apoiar a creación do Pacto Territorial de Emprego de Lugo o cal terá como obxetivos: Acercar o nivel de intervención das administracións ao ámbito no cal se desenvolven as diferentes políticas de emprego; a creación de marcos de coordinación e intervención das diferentes administracións e axentes sociais implicados nas políticas de emprego, así como un incremento e unha xestión coordinada do conxunto dos recursos públicos que se destinan ó emprego na zona de Lugo.

2. Para a consecución destes fins a Asociación desenrolará as seguintes actividades:

- a) Investigar as oportunidades de desenvolvemento e emprego, por medio dunha axeitada prospección e avaliación dos recursos dispoñibles e do uso de métodos*



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

e sistemas que permitan a planificación, coordinación e posta en práctica de accións e estratexias de políticas activas de emprego, fundamentalmente vinculadas aos novos viveiros de emprego.

- b) Facilitar información sobre emprego e desenvolvemento, a través da súa organización, sistematización e divulgación aos concellos, axentes económicos e sociais, e axentes de emprego e desenvolvemento local.*
- c) Desenvolver estratexias e metodoloxías de apoio dirixidas á inserción laboral por conta allea, á creación de iniciativas empresariais e ao autoemprego das persoas desempregadas.*
- d) Impulsar a coordinación dos/as axentes de emprego e desenvolvemento local que desenvolvan a súa función no seu ámbito de actuación.*
- e) Calquera outra actividade de colaboración na implantación das políticas activas de emprego no seu territorio de actuación, en coordinación cos concellos, axentes económicos e sociais e especialmente cos/coas axentes de emprego e desenvolvemento local.*

Artigo 3. Domicilio Social

1. O domicilio social da Asociación fíxase no Centro de Empresas e Innovación do Concello de Lugo, Avenida da Coruña, 490; 27.003 do municipio de Lugo, podendo ser trasladado o mesmo cando así o acorde a Asemblea Xeral.

2. Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Asociación poderá abrir locais ou delegacións en calquera punto do ámbito territorial da Asociación.

Artigo 4. Ámbito de Actuación

O ámbito territorial de acción previsto para as actividades sinaladas queda circunscrito ós Concellos de Abadín, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Becerreá, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, O Corgo, Cospeito, Fonsagrada, Friol, Xermade, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lugo, Meira, Monterroso, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Portomarín, Ribeira de Piquín, Samos, Rábade, Sarria, Triacastela, e Vilalba, da Provincia de Lugo.

Artigo 5. Regulación da Asociación

A Asociación rexerese polos presentes Estatutos e polas Normas de Réxime Interior que redactará a Xunta Directiva, para a súa aprobación pola Asemblea Xeral, sen que no seu contido dispóñase nada contrario aos Estatutos, así como polos acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral.

Artigo 6. Independencia da Asociación

Esta Asociación créase como entidade, sendo independente de calquera grupo, partido político ou confesión relixiosa.

Artigo 7. Patrimonio e ingresos da Asociación

1. Esta Asociación no seu inicio carece de patrimonio.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

2. O seu patrimonio e ingresos estará integrado por:

- a) As cotas ordinarias e extraordinarias dos seus socios, no seu caso.
- b) As doazóns e legados que reciba e sexan debidamente aceptados, e os beneficios que xeren.
- c) As subvencións que reciba de organismos públicos ou privados.
- d) Calquera outros que obteña sendo compatible cos seus fins.

Artigo 8. Duración da Asociación

A presente Asociación ten carácter indefinido. Non obstante, dados os fins da Asociación, esta poderase disolver cando se constitúa o Pacto Territorial de Emprego de Lugo, así com polas causas previstas na lexislación vixente.

TÍTULO II: DOS ASOCIADOS

Artigo 9. Asociados fundadores

Serán **Asociados/as fundadores/as**, as organizacións que subscribiron o acta fundacional, en concreto:

- a) Concellos de Láncara, Lugo, Becerreá, Begonte, Abadín, Castroverde, Friol, Guntín, Monterroso, Navia de Suarna, O Páramo, Pol, Sarria e Xermade.
- b) Os sindicatos: Unión Xeral de Traballadores de Galicia, Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia e a Confederación Intersindical Galega.

Artigo 10. Asociados de número:

1. Poderán ser asociados/as de número os demais concellos da zona do ámbito territorial do Pacto Territorial de Emprego de Lugo, que se adhiran a esta Asociación, así como as persoas físicas ou xurídicas que así o soliciten, e sexan aceptadas pola Asamblea Xeral da Asociación.

2. Será requisito de admisión o compromiso do novo socio de aceptar e cumprir os Estatutos e o Regulamento de Réxime Interno da Asociación.

Artigo 11. Adhesión de novos asociados/as

1. Os interesados en adherirse a Asociación deberán solicitar por escrito ó Presidente da Asociación a súa vontade de adherirse a mesma.

2. No caso de persoas xurídicas públicas ou privadas, a solicitude de ingreso deberá ser suscrita polo representante legal do interesado.

3. O Presidente da Asociación trasladará a solicitude a Xunta Directiva, que deberá resolver sobre a mesma na súa seguinte reunión, sempre e cando a solicitude de adhesión recibase coa suficiente antelación, entendendo como tal a solicitude recibida con, polo menos, quince (15) días de antelación á reunión da correspondente Xunta Directiva.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

4. No caso de que a solicitude sexa denegada pola Xunta Directiva, o solicitante poderá recorrer ante a próxima Asamblea Xeral, debendo solicitar por escrito á Xunta Directiva, a petición de que a súa solicitude de admisión figure na orde do día da reunión da Asamblea Xeral.

Artigo 12. Dereitos dos Asociados/as

Son dereitos comúns a todos os asociados/as:

1. Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral, de acordo con estes Estatutos.
2. A ser informado acerca da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
3. A ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e a ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.
4. A impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou a estes Estatutos.
5. A Facer uso dos locais, servicios e materiais da Asociación.
6. A Examinar os libros da Asociación e ter copia destes Estatutos.
7. Dereito de asistencia e voto
8. Outros que establezcan os presentes Estatutos, Regulamento de Reximen Interno e a legislación vixente.

Artigo 13. Obrigas dos Asociados/as

Son obrigas dos asociados/as as seguintes:

1. Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a consecución das mesmas.
2. Pagar as cotas, derramas e outras achegas que, con arranxo a estes Estatutos, regulamento de réxime interno e nos acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, poidan corresponder a cada asociado/a.
3. Acatar e cumprir os acordos válidamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
4. Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
5. Asistir ás asembleas xerais.
6. Observar unha boa conduta cívica.
7. Comunicarlle á asociación un domicilio ós efectos de notificacións.
8. Cumprir o resto de obrigacións que resulten das presentes disposicións estatutarias e do regulamento de réxime interno.

Artigo 14. Perda da Condición de Asociado/a

1. A perda da condición de asociado deberá producirse por acordo motivado da Asamblea Xeral a proposta da Xunta Directiva. Dito acordo será notificado expresamente ao interesado e contra o mesmo cabe recurso, no prazo de dez (10) días hábiles, ante a Asemblea Xeral de socios que resolverá na súa seguinte reunión.

2. A perda da condición de asociado producirase:



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

- a) *Por vontade propia expreada por escrito ante a Xunta Directiva.*
- b) *Pola correspondente sanción de expulsión tras o correspondente expediente disciplinario incoado pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación.*
- c) *Pola falta de pago das cotas sociais, no seu caso.*

3. *A baixa por calquera motivo da Asociación non exime ó asociado de satisfacer as obrigas e compromisos de calquera natureza que tivera pendentes.*

TÍTULO III: ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN

Capítulo 1º: "Disposición Xerais":

Artigo 15. Órganos de Goberno e Administración

Os órganos de goberno e administración da Asociación serán:

1. *A Asemblea Xeral.*
2. *A Xunta Directiva.*
3. *A/O Presidenta/e da Xunta Directiva.*
4. *A/O Xerente.*

Capítulo 2º: "Da Asemblea Xeral"

Artigo 16. A Asemblea Xeral.

1. *A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación, integrada por todos os asociados, e adopta os seus acordos por maioría de votos, sendo ditos acordos de obrigado cumprimento para todos os asociados.*

2. *Na Asemblea Xeral teñen dereito ó voto todos os seus membros.*

3. *Cada asociado que sexa persoa xurídica terá dereito a un so voto.*

4. *A Mesa da Asemblea Xeral constituirase por un Presidente, un Vicepresidente e un Secretario. O Presidente, Vicepresidente e Secretario, serán os mesmos que na Xunta Directiva.*

Artigo 17. Clases de Asembleas

As Asembleas Xerais son de dúas clases, Ordinarias e Extraordinarias. En ambas o seu Presidente e o seu Secretario serán quenese desempeñen tales cargos na Xunta Directiva. O Presidente da Asemblea abrirá os debates e determinará a Orde do Día.

Artigo 18. Asemblea Xeral Ordinaria



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

A Asemblea Xeral Ordinaria reunirase, como mínimo, unha vez ó ano e lle corresponde:

- a) A aprobación, no seu caso, da acta da reunión anterior.*
- b) Examinar e aprobar, no seu caso, a memoria de actividades.*
- c) Examinar e aprobar, no seu caso, as contas e balances do exercicio anterior.*
- d) A elección dos socios que compoñen a Xunta Directiva.*
- e) A exclusión de socios.*
- f) A aprobación do Orzamento Anual.*
- g) A contratación de persoal de apoio nas funcións da Asociación.*
- h) Aprobar o Plan de Actividades da Asociación, que será proposto pola Xunta Directiva*
- i) Disposición e alleamento de bens*
- j) Aprobar a federación con outras asociacións.*
- k) Acordar a disolución da Asociación.*
- l) Designar liquidadores/as.*
- m) Resolver, a proposta da xunta directiva, a expulsión de asociados/as.*
- n) Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.*
- o) Aprobar o regulamento de réximen interno da asociación.*
- p) Fixar as retribucións do Xerente da Asociación.*
- q) A adopción daquelas outras resolucións que pola súa importancia requirano e así sexan decididas.*

Artigo 19. Asemblea Xeral Extraordinaria

1. A Asemblea Xeral Extraordinaria reunirase cando o considere preciso a Xunta Directiva e cando o soliciten, por escrito dirixido ó Presidente da Asociación, firmado polos solicitantes e acompañado da orde do día proposto, un número de asociados que represente unha porcentaxe na Asemblea Xeral non inferior ó 40 % do total.

2. Ademáis, a Asemblea Xeral Extraordinaria reunirase cando o solicite algún destes membros da asociación:

- a) Un número de Concellos membros da asociación que represente o 40 % da asociación.*
- b) As organizacións sindicais galegas mais representativas e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), de común acordo.*

3. A Xunta Directiva convocará a reunión da Asemblea Xeral Extraordinaria dentro dos trinta (30) días naturais seguintes á data en que a solicitude tivese entrada na asociación.

4. Corresponde á Asemblea Xeral Extraordinaria, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Realizar modificacións estatutarias.*
- b) Outros asuntos que pola súa importancia así sexa decidido pola propia Asemblea e que por razón de urxencia non poidan esperar a ser tratados na Asemblea Ordinaria.*
- c) Todas as demais funcións non atribuídas expresamente a Asemblea Xeral Ordinaria.*

Artigo 20. Funcionamento das Asembleas



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

1. A Asemblea Xeral constituirase validamente previa convocatoria efectuada, polo menos, sete (7) días antes da correspondente reunión, dirixida a todos os asociados, na que constará a Orde do Día, hora e lugar de celebración da mesma.

2. Os acordos da Asemblea Xeral adoptaránse por maioría simple de votos presentes ou representados, cando os votos afirmativos superen os negativos.

3. No en tanto, requirirán a maioría cualificada de votos, entendendo como tal as tres cuartas partes do total dos votos presentes ou representados, os seguintes acordos:

- a) Acordos relativos á disolución da asociación.
- b) Modificación dos Estatutos.
- c) Disposición ou alleamento de bens.
- d) Determinación da posible remuneración do xerente ou xerentes, no seu caso.
- e) Constitución de Federacións ou integración nelas.
- f) Inclusión e expulsión de socios
- g) Outras disposición que establezcan as leis.

4. Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todos os asociados e asociadas, mesmo aos non asistentes.

5. Cada punto do orde do día será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, e procederase á votación e aprobación, no seu caso, nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

6. Unha vez finalizados todos os asuntos da orde do día, procederase a abrir unha quenda de rogos e preguntas, e unha vez que esta conclúa levantarase a sesión por parte do Presidente.

7. Todos os acordos consignaranse no Libro de Actas. Dita Acta será asinada polo Presidente/a e Secretario/a da Asemblea, posuindo este último facultade certificante.

8. A Acta de cada reunión leerase e aprobarase, no seu caso, na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral, sendo suficiente a maioría simple para a aprobación do acta de cada reunión.

9. Para que a Asemblea poida adoptar acordos será necesario, en primeira convocatoria, que concorran a mesma un número de asociados que represente a metade máis un dos membros da asociación. Transcorrida media hora, en segunda convocatoria, a Asemblea poderá adoptar acordos calquera que sexa o número de asociados presentes ou representados.

10. As persoas xurídicas estrarán representadas na Asemblea Xeral polo seu representante legal ou pola persoa física que sexa designada pola entidade correspondente.

Artigo 21. Acordos ilegais ou contrarios os estatutos



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

1. Os acordos que vaian contra estes estatutos, ou infrinxan os fins da asociación, poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante a Asemblea Xeral, que deberá resolvelo correspondente recurso na súa seguinte reunión.

2. A partir da resolución do recurso de reposición, potestativamente interposto, quedará aberta a vía para recorrer ante a orde xurisdiccional correspondente.

Capítulo 3º: "Da Xunta Directiva"

Artigo 22. A Xunta Directiva

1. A Xunta Directiva é o órgano de goberno, xestión, e representación da asociación, os seus membros serán elixidos pola Asemblea Xeral, de entre os candidatos propostos para o cargo polos diferentes asociados, e estará formada por un máximo de quince (15) persoas.

2. A Xunta Directiva elixirá de entre os seus membros ao Presidente/a, Vicepresidentes/as, Secretario/a e Tesoureiro/a, permanecendo o resto de asociados como vogais.

3. O Presidente/a da Xunta Directiva será tamén o Presidente/a da Asemblea Xeral de Socios. O cargo de Presidente/a será ocupado por un representante dos Concellos membros da asociación sendo elixido o mesmo na primeira reunión celebrada pola Asemblea Xeral de socios, mediante votación, por mairía simple, dos propios Concellos.

4. Os Vicepresidentes/as serán dous, sendo ocupados ditos cargos por:

- a) Vicepresidente Primeiro: Un representante das organizacións sindicais galegas máis representativas.
- b) Vicepresidente Segundo: Un representante da Confederación de Empresarios de Galicia.

Cada dous anos rotarase no cargo de vicepresidente primeiro e segundo, de xeito que o vicepresidente segundo pase a ser vicepresidente primeiro e viceversa.

5. As propias organizacións sindicais galegas e a Confederación de Empresarios designarán os seus candidatos a vicepresidente polo sistema que estimen convinte.

Artigo 23. Representantes dos asociados na Xunta Directiva

1. Na Xunta Directiva estarán representados os membros da Asociación de tal forma que:

- a) Cada un dos sindicatos asociados contará cun representante na Xunta Directiva.
- b) A Confederación de Empresarios contará co mesmo número de representantes que todos os sindicatos.
- c) Os Concellos asociados elixirán seis (6) representantes mediante votación na primeira reunión celebrada pola Asemblea Xeral de socios, mediante votación, por mairía simple, dos propios Concellos.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

2. *En todo caso, corresponde ós propios Concellos e ás organizacións empresariais e sindicais, membros da asociación, a designación dos seus representantes na Xunta Directiva, así como a súa renovación, cando o estimen convinte.*

3. *Os membros da Xunta Directiva cesarán na súa función polas seguintes causas:*

- a) *Pasamento.*
- b) *Renuncia voluntaria.*
- c) *Polo cese ou renuncia no seu posto do cargo que os designaran como representante.*
- d) *Polo transcurso do prazo para o que foron elixidos.*
- e) *Por outras causas dispostas na legislación vixente.*

A renuncia e o transcurso do prazo non da lugar ó cese automático senon que deberase facer un efectivo traspaso de poderes e posta ó día do sucesor, ou ben esperar a que o órgano competente nomee temporalmente a un substituto se se trata de renuncia voluntaria.

Artigo 24. Toma de decisións na Xunta Directiva

1. *Os acordos no seo da Xunta directiva adoptaránse por maioría de votos dos asistentes presentes ou representados.*

2. *Para que a Xunta Directiva constituíase validamente deberán estar presentes nas súas reunións, polo menos, un representante dos Concellos e un representante dos axentes económicos e sociais.*

4. *O Secretario ou, no seu defecto o Vicepresidente primeiro, por esta orde, levantarán acta das sesións, que se transcribirá ao libro de actas. En ausencia de todos eles, redactará a acta quen actuara como Secretario nesa Xunta Directiva, elixido entre os asistentes á mesma.*

5. *As reunións da Xunta Directiva serán convocadas fehacemente cunha antelación mínima de dous (2) días.*

6. *Non obstante, a Xunta Directiva quedará validamente constituída cando se atopen presentes todos os seus membros e, por unanimidade, decidan celebrar a correspondente reunión.*

Artigo 25. O cargo na Xunta Directiva

1. *Os cargos da Xunta Directiva son voluntarios, e gratuitos, sendo a súa duración de dous (2) anos. Os membros da Xunta Directiva poden ser reelegidos as veces que sexa necesario. A Xunta Directiva reunirse polo menos unha vez cada tres meses e cantas veces sexa convocada polo Presidente ou o soliciten, polo menos, catro (4) dos compoñentes da mesma.*

2. *Os membros da Xunta Directiva ocupan o seu posto de forma persoal e nominativa, non podendo delegar as súas funcións, salvo causa de forza maior debidamente acreditada, en persoa distinta que os represente nas reunións.*

3. *Os membros da Xunta Directiva terán dereito a ser reembolsados nos gastos e dietas inherentes a asistencia as súas reunións.*



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Artigo 26. Funcións da Xunta Directiva

As funcións da Xunta Directiva son:

- a) *Decidir en primeira instancia sobre a adquisición da condición de asociado.*
- b) *Propor á Asemblea Xeral a exclusión de asociados.*
- c) *Administrar os fondos sociais.*
- d) *Convocar e fixar a data das Asembleas Xerais.*
- e) *Organizar, programar, dirixir e desenvolver as actividades asociativas*
- f) *A xestión económica e administrativa da asociación.*
- g) *Designar, se o cre necesario, unha Comisión Executiva e Comisións de Traballo para o mellor desenvolvemento da Asociación.*
- h) *Interpretar os Estatutos e velar polo seu cumprimento.*
- i) *Formalizar o Balance e Estado de Contas, así como a memoria e plan anual de actividades.*
- j) *Someter a aprobación da Asemblea Xeral o Plan de Actividades da asociación.*
- k) *Someter a aprobación da Asemblea Xeral o presuposto anual de ingresos e gastos e o estado de contas do ano anterior.*
- l) *Contratar o persoal que se crea convinte con carácter retribuído.*
- m) *Ditar normas interiores de organización.*
- n) *Cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.*
- o) *Todas aquelas outras actividades que lle sexan encomendadas pola Asemblea Xeral.*

Artigo 27. Comisións da Xunta Directiva

1. *Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta Directiva acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de solicitar destas as informacións necesarias. Formarán parte de ditas comisións o número de vogais que acorde a Xunta Directiva, por proposta dos seus respectivos presidentes.*

2. *Cando as necesidades o aconsellen, a Xunta Directiva poderá acordar que as comisións se desdobre en subcomisións.*

Artigo 28. Membros da Xunta Directiva.

1. **O Presidente/a da Xunta Directiva** serao tamén da Asociación, e terá as seguintes atribucións:

- a) *Executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.*
- b) *Propor o plan de actividades da asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.*
- c) *Presidirá as sesións que celebren a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixindo as deliberacións dunha e outra.*
- d) *Ostentará a representación da Asociación, tanto xurídica como extraxurídicamente.*
- e) *Actuará en nome da Asociación podendo solicitar avais e fianzas, cobrar subvencións ou doazóns de organismos públicos e privados e asinar contratos e convenios e cantos documentos sexan necesarios para o desenvolvemento das actividades da Asociación xunto co Secretario, ou membro da Xunta Directiva, a quen lle corresponda a elaboración do documento que se trate.*



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

- f) *Fiscalizará o conxunto dos acordos tomados pola Xunta Directiva, ordenando os pagamentos acordados validamente.*
- g) *Asinar as actas, certificacións, pagamentos e outros documentos da asociación.*

2. O Presidente/a será asistido nas súas funcións polo Vicepresidente/a primeiro, ou segundo, subsidiariamente, que, ademáis, o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade

3. O Secretario/a recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro de rexistro de asociados, e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Corresponderalle, así mesmo, notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións co visto e prace do Presidente/a. Correspóndelle tamén levar o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para o efecto.

4. O Tesoureiro/a recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente. Levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como as actividades realizadas, e efectuará un inventario dos seus bens. Deberá levar a súa contabilidade conforme ás normas específicas que lles resulte de aplicación.

5. Os Vicepresidentes/as teñen como competencia substituír ao Presidente/a, con iguais atribucións e deberes, en caso de ausencia, enfermidade ou calquera outra circunstancia que así o requira.

A orde de substitución do Presidente/a será: En primeiro lugar o Vicepresidente primeiro, se este non estivese presente, o Vicepresidente segundo.

6. Os Vogais desempeñarán as funcións xenéricas do seu cargo e específicas de cada un dos compoñentes da Xunta Directiva. En concreto lles corresponde:

- a) *Realizar programas e propostas na súa área de actuación.*
- b) *Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.*

Artigo 29. Gratuidade dos cargos da Xunta Directiva

1. O exercicio de toda clase de cargos será de carácter gratuito, sen prexuízo das indemnizacións que correspondan polos gastos ocasionados no seu cargo.

2. Esta gratuidade non se estende ás relacións de tipo laboral ou civil que poidan establecerse con determinadas persoas para a prestación de servizos profesionais ou en condicións de especial dedicación.

Capítulo 4º: "Da Xerencia"

Artigo 30. O/A Xerente

1. A Xunta Directiva poderá designar un ou máis Xerentes da asociación, encomendándolles as facultades que estime oportunas mediante o outorgamento dos correspondentes poderes.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

2. O/s Xerente/s será elixido conforme o procedemento que se estableza no Regulamento de Réximen Interno da asociación, puidendo ser dito cargo acumulable con outros cargos da asociación.

3. No caso de que a asociación constitúa unha Unidade de Promoción e Desenvolvemento (U.P.D.) para o impulso das súas funcións, a xerencia será ocupada polo director de dita Unidade.

4. As retribucións do xerente ou xerentes serán fixadas anualmente, no seu caso, pola Asemblea Xeral.

5. O Xerente pode asistir, se o considera oportuno, as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, tendo nas súas reunións dereito de voz, pero non ao voto.

TITULO IV: PATRIMONIO E RÉXIME ECONÓMICO

Capítulo 1º: "Do Patrimonio e o Presuposto"

Artigo 31. Patrimonio e Presuposto anual da asociación

1. A Asociación carece de patrimonio inicial e fixará o seu orzamento anualmente. Este pecharase a 31 de decembro de cada ano. A Asociación levará unha contabilidade que permita obter unha imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, así como das actividades realizadas e efectuará un inventario dos seus bens.

2. A asociación, no momento de iniciar as súas actividades, non dispón de ningún patrimonio.

3. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

4. A asociación funcionará en réxime de presuposto anual. O borrador do presuposto será elaborado polo Tesoureiro/a da asociación, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, co fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 32. Recursos económicos da Asociación

1. A asociación manterase cos seguintes recursos:

- a) As doazóns e subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- b) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- c) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente.

2. Os beneficios eventualmente obtidos non se distribuirán entre os asociados senon que reinvertiranse para o cumprimento dos obxetivos sinalados no artigo dous destes estatutos.

Artigo 33. Contas anuais



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria que será posta á disposición dos asociados durante un prazo non inferior aos 7 días anteriores ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

Artigo 34. Disposición de fondos

Para a disposición de fondos nas entidades financeiras onde a asociación teña depositados estes, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente, o Presidente/a e o Tesoureiro/a, para a utilización mancomunada deles.

Capítulo 2º: “Libros da Asociación”

Artigo 35. Libros

- 1. Para levar a contabilidade, a asociación levará un libro diario e outro de inventarios e contas anuais.*
- 2. Ademais, levará un libro rexistro de asociados, no que deberá constar a relación actualizada destes, e un libro de actas das reunións dos seus órganos de goberno e administración (Asemblea Xeral e Xunta Directiva).*

TÍTULO V: O REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 36. Regulamento de Réxime Interno

- 1. O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes estatutos, e non poderá ir, en ningún caso, en contra do estipulado neles.*
- 2. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.*

TÍTULO VI: MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS, DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 37. Modificación de Estatutos

Os presentes estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou do vintecinco por cento (25%) dos socios de pleno dereito. A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, e abrírase un prazo de 7 días para que calquera asociado/a lle poida dirixir á secretaría as propostas e enmendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada asemblea, e serán entregadas cunha



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

antelación mínima de 3 días á súa celebración. Para a súa aprobación será necesaria as tres cuartas partes dos votos da Asamblea.

Artigo 38. Disolución

A asociación disolverase polas seguintes causas:

- a) Pola vontade dos socios de pleno dereito, acordada coa maioría establecida para este caso no artigo 20 destes estatutos.*
- b) Por sentenza xudicial.*
- c) Por outras causas determinadas legalmente.*

Artigo 39. Liquidación

Acordada a disolución, a Xunta Directiva converterase automaticamente en Comisión Liquidadora, salvo que a Asemblea Xeral Extraordinaria acorde outros nomeamentos. A Comisión Liquidadora procederá a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante, que será entregado a unha entidade benéfica ou a outra asociación non lucrativa inscrita no correspondente Rexistro e que teña uns fins similares.

TÍTULO VII: DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 40. Disposicións Xerais

- 1. En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos e no correspondente Regulamento de Réxime Interno aplicarase a lexislación vixente.*
- 2. Os presentes estatutos entran en vigor inmediatamente despois da aprobación e cumprimento das disposicións legais aplicables.*

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS.

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario da Corporación dá conta sucinta do contido e alcance da rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos.

A continuación, sométese a votación a seguinte proposta de resolución:

“Rectificar o inventario municipal e bens e dereitos, mediante a realización das seguintes inscricións rexistras:



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

FINCA URBANA Nº 47

NOME: CONDOMINIO DE ANTIGA PRISIÓN PROVINCIAL E TERREO ANEXO.

NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Prescripción: dominio público adscrito a servizo público

SITUACIÓN:

Concello de Lugo. Avda. Ánxel López Pérez (antes rúa García Morato).

Lindeiros:

Norte: Avenida Ánxel López Pérez; Sur e Oeste: finca da Diócesis de Lugo da Igrexa Católica (o finca do seminario); Este: estación de autobuses.

SUPERFICIE DA PARCELA: 2.404 m².

SUPERFICIE CONSTRUÍDA: 1.435 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN NA PROPIEDAD: 23.590,91 participaciós sobre un total de 290.557,35 participaciós. (8,12%).

TÍTULO DE AQUISIÇÃO:

Escritura Notarial de reversión autorizada polo Notario don Manuel Julio Reigada Montoto con data de 13 de xullo de 1994 e número de protocolo 1829, en virtude da Orde da Dirección General de Patrimonio del Estado de fecha de 18 de marzo de 1994.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: tomo 875, libro 450, folio 73, finca 36405.

FINCA URBANA Nº 48

NOME: Superficie de aportación ao polígono empresarial Matela II.

NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza Patrimonial, procedente da desafectación implícita dos antigos camiños de titularidade municipal incluídos no sector.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Prescrición: Suelo urbanizable industrial en proceso de urbanización.

SITUACIÓN:

Polígono empresarial Matela II.

SUPERFICIE DA PARCELA: 2.180,93 m².

CARGAS: Contribución ás cargas de urbanización do polígono.

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Prescrición inmemorial.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta.

FINCA RÚSTICA Nº 5

OUTEIRO DE REI

NOME: PARCELA Nº 383, POLÍGONO 25. DENOMINADA “AS VEIGAS”

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben de natureza patrimonial

Prescrición: solo de natureza rústica

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: SANTA ISABEL – OUTEIRO DE REI

SUPERFICIE: cinco áreas e oitenta e tres centiáreas según título o 717 m² según catastro.

EDIFICABILIDADE ASIGNADA: ----.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión gratuita de don Salvador, don Manuel e dona María Elena María Fernández Roibás ao Concello de Outeiro de Rei de data de 23 de xullo de 1999.

SITUACIÓN REXISTRAL:



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 66

ROBRA

NOME: PORCIÓN DE VIAL EN ROBRA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: ROBRA

Núcleo/lugar: “AGRO DE ABAIXO” – ROBRA

Lindeiros: NORTE: Casa Antón; SUR: José Martínez Castro; ESTE: Camiño e OESTE: finca matriz (parcela nº 144, polígono 75).

SUPERFICIE: 30,64 m²

CARGAS: Libre de cargas.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 30 de xullo de 2007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 67

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN DE VIAL EN MOSTEIRO.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: “PRADO DA ZARRA” – MOSTEIRO.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Lindeiros: NORTE: Finca matriz (parcela nº 189, polígono 88), SUR: nunha lonxitude de dezanove metros e corenta e dous centímetros e cinco metros e setenta e oito centímetros, con camiño público, ESTE: Nunha lonxitude de cen metros e noventa e tres centímetros coa parcela catro, e OESTE: Coa parcela dúas, nunha lonxitude de oitenta e catro metros e oitenta e dous centímetros.

SUPERFICIE: 73,53 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 31 de outubro de 2.007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 68

SAN MARTÍN DE GUILLAR

NOME: PORCIÓN DE VIAL EN SAN MARTÍN DE GUILLAR

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTÍN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: “CRUCEIRO” OU “LEIRO DA CARBALLEIRA” – SAN MARTÍN DE GUILLAR.

Lindeiros: NORTE: Liña de trinta e catro metros, pista; SUR: Finca matriz (parcela 378, polígono 65); ESTE: Jesús Fernández Castro e OESTE: Manuel Flores Meilán..

SUPERFICIE: 50,35 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 5 de novembro de 2007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

PORCIÓN VIAL Nº 69

CABOI

NOME: PORCIÓN DE VIAL EN CABOI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: CABOI

Núcleo/lugar: “FONTE DO OLMO” – CABOI.

Lindeiros: NORTE: Parcela 655 de Emilio Alvarez; SUR: Parcela 10032 de Jesús Andón; ESTE: Finca matriz (parcela nº 10030, polígono 27) e OESTE: Camiño.

SUPERFICIE: 236,99 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 19 de novembro de 2007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 70

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN DE VIAL EN MOSTEIRO

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: “CAMPIÑO DE MACEDA” – MOSTEIRO.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Lindeiros: NORTE: En liña de trinta e seis metros con camiño vecinal de Outón a Maceda; SUR: Finca matriz (parcela nº 8, polígono 83), José Domínguez Carballido e Manuel Castro Varela; e OESTE: José Rubinos e Herdeiros de Manuel Castro Varela..

SUPERFICIE: 17,70 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 4 de decembro de 2007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 71

SAN JUAN DE PARADA

NOME: PORCIÓN DE VIAL EN SEIVANE – SAN JUAN DE PARADA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN JUAN DE PARADA

Núcleo/lugar: SEIVANE – SAN JUAN DE PARADA

Lindeiros: NORTE: José Viña Pena e outra 139 e Indalecio Seijas Leiras 141; SUR: Resto do terreo matriz (parcela nº 140, polígono 2); ESTE: Terreo matriz (parcela nº 140, polígono 2) e OESTE: Camiño.

SUPERFICIE: 67,40 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 17 de decembro de 2007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

PORCIÓN VIAL Nº 72

SAN MARTÍN DE GUILLAR

NOME: PORCIÓN DE VIAL EN SAN MARTÍN DE GUILLAR.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN MARTÍN DE GUILLAR

Núcleo/lugar: “OS LOUSIDOS” – SAN MARTÍN DE GUILLAR.

Lindeiros: NORTE: Finca matriz (parcela 39, polígono 68); SUR: Pista;
ESTE: José Mouriz Arias e OESTE: Pista.

SUPERFICIE: 144,25 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 17 de decembro de 2007.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 73

VILELA

NOME: PORCIÓN DE VIAL EN VILELA PEQUENA - VILELA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: VILELA

Núcleo/lugar: “LEIRA GRANDE” EN VILELA PEQUENA – VILELA.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Lindeiros: NORTE: Teresa Lage Martínez; SUR: Antonio Vázquez Candal e M^a Josefa Rodríguez Fernández; ESTE: Camiño e OESTE: finca matriz (parcela nº 115, polígono 9).

SUPERFICIE: 226,75 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión urbanística, de data 4 de febreiro de 2.008.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

Efectuada a votación, a proposta queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

4- MOCIÓNS

MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG SOBRE A SUPRESIÓN DA TARIFA ELÉCTRICA NOCTURNA

Ponse de manifesto o escrito presentado polo Grupo Municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 30 de xaneiro de 2008, e do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román e Dulce Neira Fraga, Concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte:

MOCIÓN SOBRE A SUPRESIÓN DA TARIFA ELÉCTRICA NOCTURNA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o ano 1983 estableceuse, no Estado Español, a denominada Tarifa Eléctrica 2.0N (coñecida como Tarifa Nocturna). Esta tarifa basease na filosofía de primar o consumo nas horas nocturnas, onde a potencia consumida no conxunto do sistema eléctrico é menor.

Esta tarifa ten un desconto do 55% nas horas nocturnas e un recargo do 3% nas horas centrais do día. E favorece o consumo de determinados electrodomésticos, como



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

son: acumuladores, lavadoras, lavalouzas, quentadores de auga, etc. que se poden usar de noite.

A tarifa nocturna busca un consumo enerxético máis responsábel e solidario, e obrigou a instalación nos fogares de determinados equipamentos, cun elevado custe de investimento, como foron os acumuladores eléctricos.

O termo de potencia contratada, que é un concepto fixo, na factura eléctrica, estímase en 5,3 Kw de media para os clientes desta tarifa.

Actualmente no Estado hai, aproximadamente, 1 millón de clientes desta tarifa; no caso de Galiza, debido a súa climatoloxía que obriga ao uso dun sistema de calefacción eficiente, temos uns 160.000 usuarios/as, é dicir, o 16% do conxunto do Estado.

A tarifa nocturna mantívose sen modificacións dende o ano 1983 até o ano 2006, no que xa non permitiu novas altas baixo esta tarifa, mais o cambio fundamental está en que 'Os/As consumidores/as acollidos/as a esta tarifa (tarifa nocturna) deberán comunicar á empresa distribuidora, antes do 1 de xullo de 2008, a nova tarifa á que desexen acollerse. Unha vez transcorrido o prazo, sen que o/a cliente solicite as novas condicións do contrato, a compañía distribuidora aplicará automaticamente outras tarifas de acordo coa potencia contratada'.

É dicir, a partires do 1 de xullo do 2008, desaparece a Tarifa Nocturna.

Con este Real Decreto obrígase aos/ás clientes con esta tarifa a contratar unha nova potencia, superior á que tiñan no consumo das horas punta e a un incremento do prezo sobre o consumo que tiñan nas horas punta, xa que pasan dun recargo do 3% a un 35%. En conxunto o incremento que poden padecer, na factura eléctrica, pode chegar ao 49%.

Na nova Orde de Tarifas Eléctricas existe a nova Tarifa de Discriminación Horaria, mais, para acollerse a esta nova tarifa, os/as usuarios/as de Tarifa Nocturna deben asumir integramente os custes do cambio, que son cantidades importantes e que están estimadas entre 400 e 500 Euros por cliente. Uns 200 Euros se gastarán no cambio de limitadores de potencia e outros 200 ou 300 Euros, na adaptación dos sistemas de calefacción, que deberán cambiar as actuais resistencias por outras de menor potencia, ou ben, establecer dous circuítos de calefacción independentes entre si.

Asemade, unha vez realizadas as modificacións precisas, na nova Tarifa de Discriminación Horaria, haberá que pagar por un maior incremento da potencia contratada, que é unha parte fixa da factura eléctrica. Isto terá un efecto especialmente negativo en Galiza, pois haberá que contratar unha potencia que se emprega fundamentalmente no inverno (polos acumuladores eléctricos), e se continúa pagando na primavera e no verán, cando non se necesita tanta potencia; isto coa Tarifa Nocturna non pasaba.

Como vemos, esta nova regulación das tarifas eléctricas, vai supor un importante gasto nas economías familiares, se temos en conta a media salarial e de pensións en Galiza; asemade o Goberno do Estado non contempla, na nova regulación, ningunha medida de compensación, nin reparte cargas entre usuarios/as e empresas distribuidoras que, en definitiva, serán as grandes beneficiarias.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Por este motivo, o grupo municipal do BNG solicita a aprobación polo Pleno da Corporación do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a que demande do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio o mantemento dunha tarifa con características semellantes á nocturna e a gratuidade do cambio de limitadores, así como a creación de liñas de subvención para os custos de adaptación dos equipamentos das vivendas de usuarios/as de Tarifa Nocturna que desexen acollerse á Tarifa con Discriminación Horaria.”

Intervén dona Dulce María Neira Fraga, en representación do Grupo Municipal do BNG, na defensa da moción.

Trala súa intervención, fai uso da palabra don Miguel Ángel López Varela, voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que explica aos membros da corporación que co sistema actual, existen 8 hora valle, nas que o consumo eléctrico se beneficia dunha bonificación do 53% da tarifa.

Coa nova proposta do Ministerio, pásanse de 8 a 14 horas valle, e as bonificacións da tarifas eléctricas baixan do 53 ao 47%.

A ampliación das horas valle implican, según cálculos do ministerio, unha baixada da factura do 8%.

Ademáis, informa que, en principio, non se vai a cobrar o aumento de potencia contratada nin o cambio de contadores, xa que os existentes son válidos.

Por estas razóns, anuncia a abstención do seu grupo na votación desta moción.

Intervén o sr. Pardo Lombao, como representante do Grupo Municipal do Partido Popular, que expón que non está dacordo co incremento da tarifa eléctrica, e menos nun momento como o actual, con taxa de IPC próximas ao 4,3%, xa que afecta as familias con menor poder adquisitivo.

Dí o voceiro do PSdG-PSOE, que non existe incremento da factura polo incremento de potencia contratada, pero sucede neste co que sucedeu co anuncio de renegociación das hipotecas, co que o goberno perdeu a credibilidade xa que a última palabra a teñen as empresas.

Por outra banda, asegura que é lóxico que as tarifas sexan máis baratas nas horas de menor consumo, polo que debe manterse esta discriminación horaria.

Espera que non se incrementen as tarifas, porque a situación económica é pésima, e o incremento das hipotecas, a suba da gasolina e a escaladas dos prezos están a axfisiar aos cidadáns.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Volta a intervir a señora Dulce María, que asegura que a supresión da tarifa nocturna acarreará un importante gasto para as familias, e que unido a actual situación salarial en Galicia debuxa un panorama moi preocupante.

Alega o voceiro do PSdG-PSOE que os estudos do Ministerio auguran unha baixa da factura. En calquer caso, xa se verán os efectos.

No tocante aos custes de potencia e contadores, o Ministerio está sacando un decreto que impedirá que as empresas repercutan estes custes aos consumidores.

Fai uso da palabra o sr. Pardo Lombao, que afirma que son as economías máis débiles as que saíran máis perxudicadas con esta medida, xa que nin tan sequera a axuda dos 400 euros que promete Zapatero van a chegar para afrontar estes custes.

Estamos voltando a situación de fai 12 anos, pero a unha velocidade de moi superior, xa que o número de parados se incrementa cada día nunha contía superior a poboación deste concello. Imos máis rápido que o AVE a Galicia. É unha situación realmente preocupante.

Sométese a votación a aprobación da moción anteriormente transcrita.

Efectuada a votación, a moción resulta aprobada con sete votos a favor e tres abstencións pertencentes aos membros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE.

MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG SOBRE A PRESTACIÓN EFICAZ DO SERVIZO DE CORREOS

Ponse de manifesto o escrito presentado polo Grupo Municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 30 de xaneiro de 2008, e do seguinte teor literal:

"Arcadio Lombao Román e Dulce M^a Neira Fraga, concelleiros do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte

MOCIÓN PARA A PRESTACIÓN EFICAZ DO SERVIZO DE CORREOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza o servizo postal é un dos grandes medios de cohesión socioeconómica, sobre todo neste medio rural espallado xeográfica e poboacionalmente e, por engadido, un dos garantes da información e a comunicación, e tamén da xestión económica a través do xiro postal; unhas positivas virtualidades que agora se están a poñer en grave risco.

Dende hai máis de dez anos, o modelo deseñado polos Gobernos do Estado para o servizo postal foi o de conquistar a longo prazo unha privatización do Servizo de Correos: externalización de servizos concretos, creación de empresas de reparto de paquetería e progresiva supresión dos postos de persoal funcionario, para



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

transformalos en postos de persoal laboral adscritos a unha sociedade anónima, e non directamente á Administración do Estado.

Os/As funcionarios/as de correos xa non son corpo especial, o que pode favorecer a súa marcha: mobilidade para poder trasladarse a outras administracións. O propósito é eliminar funcionarios/as. Fanse repetidas reducións de plantilla, as xubilacións non son substituídas por novos traballadores/as, as condicións laborais sofren un deterioro paulatino, engadidas as presións que sofren os/as traballadores/as; e a calidade do servizo vaise empobrecendo.

Preténdese así facer de Correos unha entidade rendíbel, fronte ao modelo de servizo público destinado a atender as necesidades cidadáns.

Esta tendencia veu provocando moito dano ao servizo e ao seu persoal, dano aínda máis notábel en Galiza, e que o noso concello está a sufrir, polas súas peculiaridades de asentamento poboacional disperso.

Neste contexto cómpre salientar a aprobación polo Goberno do Estado do Regulamento rector da prestación dos servizos postais. Mentres que coa anterior normativa establecíase a obriga de entregar correspondencia cinco días laborábeis á semana, o novo decreto reduce esa obriga, e crea os chamados “entornos especiais”, nos que se elimina a entrega domiciliaria. Nestes “entornos” a entrega dos envíos postais ordinarios realizarase a través de “buzóns individuais non domiciliarios” e de “casilleiros concentrados pluridomiciliarios”. E a entrega dos envíos a través de tales buzóns será -dise- “todos os días laborábeis e, alomenos, cinco días á semana”.

Prevese, ao propio tempo, que a entidade prestadora do servizo postal universal poderá “convir cos usuarios, os concellos, así como os promotores o establecemento, ubicación e financiamento de instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ordinarios”.

Prevese asemade que “se as vivendas ou edificacións do entorno afectado non dispuxesen das instalacións apropiadas para a entrega dos envíos postais ou estas non se atopasen en condicións de uso adecuadas, o operador universal facilitará a entrega dos envíos postais na oficina postal máis próxima, previa comunicación escrita aos/ás destinatarios/as de dita circunstancia e do horario no que poderán ser retirados”. É dicir, se non hai buzón, a xente terá que desprazarse á oficina máis próxima.

A isto cómpre engadir que, segundo o novo regulamento, a consideración de “entornos especiais” é amplísima. Abonda con ter en conta, por exemplo, que terán esa consideración (e é un só suposto) “as vivendas illadas ou situadas en entornos cualificados como diseminados e que estean situadas a máis de 250 metros da vía pública habitualmente utilizada por calquera dos servizos públicos”.

Xa se ve, polo dito, que practicamente todo o rural galego queda baixo estas condicións. Non se esqueza que Galiza non só ten 32.000 núcleos de poboación (a metade do Estado), senón tamén máis do 50 por cento dos carteiros de España.

Atopámonos así nunha situación que é nomeadamente grave en Galiza, que minora a condición de servizo público dos correos, que non ofrece garantías de inviolabilidade da correspondencia, que obedece a criterios puramente economicistas e non de seguridade e eficacia do servizo, e que, a mais de todo iso, pode supor, de se implantar, a perda de máis de 400 postos de traballo en Galiza, sobre todo no deprimido medio



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

rural; todo iso, por non insistir na perda de calidade, o trastorno dos usuarios e un incumprimento do espírito da Lei.

Esta situación estámola xa a sufrir no noso concello, polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego insta ao Pleno da Corporación Municipal, a adoptar o seguinte

ACORDO

1. *Dirixirse ao Goberno Galego para que inste ao Ministerio de Fomento do Goberno do Estado a garantir, sen detrimento das condicións laborais do persoal, a prestación eficaz do servizo postal universal no termo municipal en condicións de igualdade e non discriminación polo lugar de residencia, revocando, asemade, calquera medida que poida menoscabar o dereito cidadán á inviolabilidade da comunicación postal.*
2. *Enviar o presente acordo ao Presidente e ao Vicepresidente da Xunta de Galiza, ao presidente do Goberno do Estado e á ministra de Fomento.*
Outeiro de Rei, 28 de xaneiro de 2008”

O sr. Pardo Lombao propón o debate e votación conxunta desta moción coa presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular con data de 13 de febreiro de 2008 e do seguinte teor literal:

“Moción do Grupo Municipal do Partido Popular no concello de OUTEIRO DE REI relativa á supresión do correo no rural

Exposición de Motivos

Os servizos postais en Galicia son un servizo público de interese primordial, constituíndo un elemento básico para o desenvolvemento económico e tamén para a vertebración e a cohesión social. Polo tanto, tódolos/as cidadáns independentemente do lugar en que vivan deben ter garantizado o acceso a unhas comunicacións postais asequibles, baixo o principio de igualdade de trato establecido pola norma.

Sen embargo, o Ministerio de Fomento aprobou o Real Decreto 503/2007 de 20 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 1829/1999 de 3 de decembro, polo cual se regula a prestación dos servizos postais en desenvolvemento do establecido na Ley 24/1998, de 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais.

A modificación afecta os artigos 37, 45 e 47.

Respecto o artigo 37 a nova redacción fai referencia a entrega de envíos postais nos denominados “entornos especiais” ou cando concurran circunstancias ou condicións excepcionais. Nos “entornos especiais” a entrega dos envíos postais ordinarios realizarase a través de buzóns individuais non domiciliarios e de casilleiros concentrados pluridomiciliarios. Terán consideración de entornos especiais aquelas



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

vivendas illadas ou situadas en entornos calificados como diseminados e estén situadas a mais de 250 metros da vía pública habitualmente utilizada polos servicios públicos.

No caso anteriormente citado, o reparto realizarase mediante buzóns individuais ubicados nun determinado punto, e o operador encargado da prestación do servicio postal universal podrá acordar cos representantes dos veciños, concellos e usuarios en xeral a proxección, construción e mantemento da instalación, así como a propia ubicación e financiamento da mesma e no caso de non atoparse a instalación en condicións de uso adecuadas facilitarase a entrega dos envíos postais na oficina postal máis próxima.

Temos que ter en conta que Galicia é, sen dúbida, unha rexión significativamente rural -definición da C.E.- xa que o 34,87% da poboación vive en municipios rurais, cunha elevada dispersión, con 30.000 entidades de poboación –case que unha media de 100 entidades por concello- representando o 88,47% do territorio galego e o 50% do territorio nacional. A aplicación deste Decreto vai deixar a moitos núcleos de poboación nunha situación de desigualdade e de discriminación negativa con respecto a outros lugares do noso país, creando con elo un grave prexuízo ó rural galego xa de antemán prexudicado pola súa dispersión, despoboación e envellementamento.

Por todo elo, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte Moción

O Concello de OUTEIRO DE REI insta á Xunta de Galicia a:

1. Que se dirixa ó Ministerio de Fomento e a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos para demandar o cumprimento da Lei Postal 24/1998 nos seus artigos 15 e 17.2 que fai referencia a obriga de prestar os servicios de xiro, cartas, tarxetas postais e entregalos na dirección postal de cada persoa física ou xurídica, tódolos días laborables e, como mínimo, cinco días á semana.

2. Asemade, a Directiva Comunitaria 97/67, no seu artigo 3 apartados 1, 2 e 3 ratifica o anterior e ademais considera que débese ofertar un servicio de calidade de forma permanente en tódolos punto do territorio, a prezos asequibles para tódolos usuarios; dando así cumprimento ó principio de igualdade de trato establecido pola norma.

3. Que se dirixa ó Ministerio de Fomento para que paralice a través do Regulador Postal Español a concesión a Correos de “entornos especiais”, mentres non se aprrobe a nova Directiva Comunitaria e polo tanto a nova Lei Postal de Adaptación, tendo en conta no seu momento a dispersión xeográfica de Galicia.”

Respóstalle dona Dulce María Neira Fraga, concelleira do Grupo Municipal do BNG, que o contido das mocións son coincidentes, se ben existen algunhas diferencias nos antecedentes. Asemade, a proposta do BNG propón dirixir a presente moción aos Presidentes e Vicepresidentes da Xunta de Galicia, ao Presidente do Goberno do Estado e á Ministra de Fomento. De votar unha moción conxunta debería dirixirse a estos órganos.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Acepta o sr. Pardo Lombao, se ben informa que a competencia neste asunto é do Ministerio, se ben o que abunda non dáña, e se pode enviar á Xunta de Galicia.

Manifesta a concelleira do Grupo Municipal do BNG a súa intención de apoiar á moción do Grupo Municipal do Partido Popular, por coincidir sustancialmente coa do seu grupo.

Intervén don Miguel Ángel López y Varela, voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que vai a votar a favor das mocións, e recorda que a normativa sobre os casilleiros pluridomiciliarios foi aprobada polo Goberno do Partido Popular no ano 2000.

En calquer caso, en Outeiro de Rei case tódolos núcleos se atopan a unha distancia inferior aos 250 metros da vía pública, polo que a súa incidencia será moi escasa. En calquer caso, votará a favor.

Respóstalle o sr. Pardo Lombao que o Goberno do Partido Popular unicamente o aprobou provisionalmente, pero que o carácter gravoso da norma se atopa no seu desenrolo normativo.

En Outeiro de Rei non hai ningunha vivenda sen acceso a vía pública, non obstante, se vai votar en contra.

Por último, sinala que o feito de que dende o Grupo Municipal do BNG se propoña remitir o acordo aos Presidentes e Vicepresidentes da Xunta de Galicia transmite unha acusada sensación de bicefalia no Goberno autonómico.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación das mocións transcritas.

Realizada a votación, as mocións resultan aprobadas por unanimidade dos membros presentes.

MOCIÓN PRESENTADA POLO PSdG-PSOE SOBRE A ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS.

Ponse de manifesto o escrito presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 20 de febreiro de 2008, e do seguinte teor literal:

“O concelleiro/a na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI :

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte :



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

MOCIÓN :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS :

O noso Grupo político En Outeiro de Rei, a 28 de outubro de 2003 presentou a seguinte moción:

“As persoas con discapacidades físicas teñen que soportar, aparte das trabas propias da súa enfermidade ou minusvalía, moitas outras que a sociedade lles impón como son as barreiras arquitectónicas. Existe lexislación ó respecto, trátase entón de cumprila e vixiar a súa aplicación, para entre todos favorecer a integración destas persoas na vida da comunidade. O Concello corresponde dita vixilancia e dende logo predicar co exemplo no seu cumprimento.

Polo tanto solicito ó Pleno desta Corporación Municipal, que someta a debate e aprobe a seguinte MOCIÓN:

ELIMINACIÓN DAS BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS que impidan ou dificulten o acceso ás persoas discapacitadas a calquera local público municipal (Casa do Concello, locais sociais, biblioteca, instalacións deportivas, locais electorais, etc...)

Asdo. Manuel Varela Granda”

Despois de catro anos e co conseguente crecemento demográfico no noso concello, moi particularmente nas urbanizacións de recente construción , e en vista da expansión urbanística que esta a experimentar o noso concello e da necesidade de adaptarnos os requisitos da sociedade ,ante a falta de calquera acción ou estudo sobre o tema vémonos na obriga de recordarlle a este grupo de goberno que:

Dacordo có artigo 49 da Constitución española, encoméndalles ós poderes públicos a realización dunha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, ós que lles prestarán a atención específica que requiran e ós que ampararán especialmente para o desfrute dos dereitos que a Constitución lles outorga a tódolos cidadáns.

Asi mesmo ó artigo 4.2º do Estatuto de autonomía, atribúelles ós poderes públicos de Galicia a promoción das condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

A Comunidade Autónoma, en virtude das anteriores competencias e da competencia exclusiva que en materia de acción social lle atribúe o artigo 27.23º do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobou a Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, toda vez que a anterior normativa sobre a materia evidenciábase claramente insuficiente para atendelas demandas de integración do colectivo das persoas con limitacións, tanto polo seu restrinxido ámbito de aplicación coma pola falta de base legal necesaria para a previsión dun réxime sancionador axustado. Basandonos nesta lei e, especialmente nos seguintes artigos da mesma:



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

O artigo 2º do Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lembra que este regulamento é de aplicación a tódalas actuacións levadas a cabo na Comunidade Autónoma de Galicia por entidades públicas ou privadas, así como polas persoas individuais, en materia de planeamento, xestión ou execución urbanística; nova construción, rehabilitación ou reforma de edificacións; transporte e comunicación.

O artigo 3º onde:

“De acordo coa previsión legal sobre a materia, enténdese por accesibilidade aquelas características do urbanismo, da edificación, do transporte ou dos medios e sistemas de comunicación que permiten a calquera persoa a súa utilización e desfrute de maneira autónoma, con independencia da súa condición física, psíquica ou sensorial.”

Así mesmo merecen unha mención significativa, tanto os artigos 18, que sinala que os parques, xardíns e demais espazos libres de uso público deberán ser adaptados de acordo cunhas condicións; Os puntos 1,2,3 e 4 do artigo 21º, O artigo 26º, que ben a especificar os símbolos homologados e esixencias de sinalización. O artigo 27º que fala da Accesibilidade en edificios de uso público e O artigo 29º que aclara a Adaptación de edificios de uso público existentes.

Esta exposición dos artigos mais significativos que o noso entender, séguense a incumprir parcial ou totalmente no noso concello, despois de catro anos de ser advertidos por este grupo municipal. En vista da total ausencia de normativa municipal a este respecto propónse o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte

ACORDO :

· A creación por parte do grupo de goberno dunha comisión de estudo formada por tódolos grupos políticos con representación neste concello onde se analice as necesidades reais, presentes e futuras no noso concello na eliminación das barreiras arquitectónicas e do nivel accesibilidade para discapacitados.

· A creación, tendo en conta a comisión, por parte do noso concello dunha ordenanza específica para a supresión das barreiras arquitectónicas nos edificios públicos axustada a Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

· A súa aplicación inmediata no que concerne os locais públicos do concello en especial os colexios onde tódolos anos que aí eleccións, os veciños afectados deben lidiar co problema.

En Outeiro de Rei a 21 de Xaneiro do 2008

Asdo.: Miguel Angel López Varela

Voceiro do PSdeG-PSOE”

Trala defensa da moción exposta polo voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, don Miguel Ángel López Varela, intervén dona Dulce María Neira Fraga, en nome do Grupo Municipal do BNG, que anuncia a intención do seu grupo de apoiar a



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

moción, e pon coma exemplo a necesaria adaptación da Casa Consistorial (se ben apunta que a nova Casa Consistorial xa está adaptada), e o Campo de Santa Isabel, entre moitas outras necesidades.

O sr. Pardo Lombao, en calidade de voceiro do Grupo Municipal do PP, expresa que está en desacordo coa aprobación da moción e en pleno acordo coa supresión de barreiras arquitectónicas.

Particularmente, non pode apoiar unha moción que dí que “nos últimos catro anos (.....) ante a falta de calquera acción ou estudo sobre o tema...”, cando a realidade é que o Concello de Outeiro de Rei invertiu grandes cantidades de cartos nos últimos tempos na supresión de barreiras arquitectónicas.

Recorda que, no que atinxe á planificación, á a anterior corporación fixo un proxecto de supresión de barreiras arquitectónicas cofinanciado pola Deputación Provincial de Lugo.

Informa que, asemade, tódalas obras que está a facer o concello de Outeiro de Rei (tanto de nova planta coma de rehabilitación), cumpre a normativa de supresión de barreiras arquitectónicas: Casa da Cultura, Casa do Concello.....

En moitas das edificacións preexistentes á entrada en vigor de dita Lei (Centro Médico e PAC), que él saiba, non existen barreiras arquitectónicas.

Quedan, en efecto, algúns edificios municipais (sobre todo nas parroquias), nas que teñen que realizarse obras de adaptación. Agora ben, o concello está a afrontar en solitario estas actuacións, xa que as outras administracións non colaboran, salvo, no seu día, a Deputación Provincial.

A Xunta debería afrontar un programa económico de cofinanciación nas actuacións de supresión de barreiras arquitectónicas, e non limitarse a aprobar normas. Isto implicaría moita máis rapidez na supresión de barreiras.

Recorda que o concello de Outeiro de Rei fixo un gran esforzo neste sentido, e tivo que afrontar grandes dificultades, tanto técnicas coma orzamentarias, para efectuar a instalación de ascensores na Casa Consistorial e na Casa de Cultura.

Afirma que o equipo de Goberno está comprometido coa supresión de barreiras arquitectónicas, e que é consciente de que aínda quedan cousas por facer, sobre todo en algún centro social.

Sinala que o concello fixo, nos últimos anos, preto de 20 locais sociais de unha pranta, nos que non existen barreiras arquitectónicas.

Replica don Miguel Ángel López Varela, que é normal que os novos edificios estén adaptados, porque é imperativo legal. E informa que as comisións se crean para falar, para integrar diferentes puntos de vista, non para excluír.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Contesta o sr. Pardo Lombao que, as novas edificacións, evidentemente, están adaptadas. Pero o que dixo anteriormente é que o concello de Outeiro de Rei fixo un esforzo económico enorme e que seguirá nesta liña.

Din que as comisións, as veces, se crean para que non se fagan as cousas, pero recorda que neste Pleno se poden traer as propostas que se estimen convintes e aquí se debatirán.

Ademáis, se o concello tivese suficiente capacidade económica, non só estarían eliminadas tódalas barreiras arquitectónicas, senón que outorgaría subvencións aos particulares para que as eliminasen.

En calquer caso, apunta que as barreiras de maior custe económico e relativas a edificios de maior confluencia están xa suprimidas.

A supresión das barreiras relativas ao acceso á segunda planta das antigas escolas parroquiais é moi custosa e o concello precisa de achegas doutras administracións para realizalas. As relativas ás primeiras plantas que aínda non están adaptadas se farán en breve prazo.

Volta a facer uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que asegura que a aprobación dunha ordenanza sería un paso importante, xa que implanta un modo de traballar e redonda na eficacia.

Afirma o sr. Pardo Lombao que sería convinte que as forzas políticas manteñan unha liña coherente gobernen onde gobernen. De xeito que, por exemplo, nas institucións autonómicas non están dispostas a crear comisións para dar participación ao grupo da oposición, onde son eles oposición, non poden pedir o que neutros eidos negan.

Por outra banda sería innecesaria, xa que, se me apuran, nunha reunión informal de cinco minutos identifícanse tódalas barreiras de titularidade pública existentes.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada por seis votos en contra, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular, e catro votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos Grupos Municipais do PSdG-PSOE, e BNG.

MOCIÓN PRESENTADA POLO PSdG-PSOE SOBRE A MELLORA DA SINALIZACIÓN DAS PARROQUIAS DESTE CONCELLO.

Ponse de manifesto o escrito presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 20 de febreiro de 2008, e do seguinte teor literal:

“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI :



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réximen xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte :

MOCIÓN :

A sinalización dos lugares onde viven os veciños e a xente empadroada neste Concello é moi importante, pois entre outras cousas é tanto un sistema de localización para calquera administración como para calquera situación de emerxencia.

Os nomes das parroquias como dos barrios, responden tamén a unha riqueza do noso patrimonio cultural que é moi importante divulgar e non esquecer.

Existen parroquias con diversos barrios, os cales non se atopan sinalizados.

A situación na que se atopa a sinalización das parroquias no Concello de Outeiro de Rei, entendemos non é a mellor, si cabe temos algunhas parroquias de gran extensión e hai disgregación xeográfica, no que os núcleos de asentamento rural se refire.

Por todo o anteriormente exposto, propono o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO :

A mellora na sinalización das parroquias desde Concello, incluíndo a sinalización dos barrios dentro das parroquias.

En Outeiro de Rei a 21 de Xaneiro do 2008

Asdo.: Miguel Angel López Varela

Voceiro do PSdeG-PSOE”

Asume a defensa da moción o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, don Miguel Ángel López Varela.

Finalizada a defensa da moción, intervén dona Dulce María Neira Fraga, en nome do Grupo Municipal do BNG, que destaca a importancia da conservación do idioma e da cultura como elemento de identidade. Sen dúbida, unha correcta sinalización contribúe a esta conservación, polo que anuncia o apoio do seu grupo a esta moción.

Asemade, suxire a conveniencia de iniciar a formación dun mapa de topónimos do Concello buscando a colaboración de outros organismos, tales coma a comisión de toponimia de Galicia.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Intervén o sr Alcalde, que informa que, dende fai varios anos, vense facendo unha continua labor de reposición (debido ao deterioro natural e tamén aos actos bandálicos) e de instalación de novas sinalizacións.

Dentro desta legislatura, (se a economía municipal o permite), preténdese facer un proxecto de sinalización, que se traería ao Pleno para a súa aprobación.

A elaboración de tal proxecto será un traballo laborioso, tanto de custe coma de identificación dos lugares de ubicación das sinais, que se agravará pola indefinición dos lindes entre certos barrios e parroquias. Ademáis, non podemos esquecer o gran número de barrios e parroquias do termo municipal, que fará custosa a actuación.

A execución deste proxecto deberíase facer, preferentemente, dunha sóa vez, salvo que o custe de execución obrige a facelo en varias fases.

Non se vai facer este proxecto pola presentación da moción, senón porque xa estaba en marcha o estudo desta actuación. É obxectivo desta legislatura executar un proxecto de sinalización do termo municipal. É por iso polo que se pretende apoiar a moción presentada.

En calquer caso, ao presentar mocións débese facer un exercizo de responsabilidade, xa que é moi fácil solicitar a execución de tódalas obras que se ocorren ou que serían convintes. Pero débese asumir que a execución destas actuacións están subordinadas a unhas dispoñibilidades económicas limitadas. O Grupo ao que representa non presentará nin apoiará mocións que non se plantexen dende esta responsabilidade. No suposto da presente moción, en tanto coincide cun obxectivo xa plantexado polo equipo de goberno, sí que se prestará o apoio á súa aprobación.

Insiste o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, no interese da sinalización, (coa que xa contan outros concellos), e acepta o interese de realizar un mapa de topónimos, se ben recorda ao voceiro do BNG que o interese cultural da sinalización xa se recolle no texto da moción.

Respóstalle o sr. Pardo que é certo que outros concellos teñen implantado o servizo de sinalización, pero tamén é certo que existen outros concellos máis ricos (basta ir á provincia colindante), ou que o concello de Outeiro de Rei ten mellores servizos que algún destes concellos, como o de abastecemento de auga, etc...

A sra. Dulce María Neira Fraga reitera a conveniencia de solicitar a axuda de outros organismos, como a Comisión de Toponimia de Galicia. Así como que, conxuntamente coa sinalización dos barrios e parroquias, se sinalicen tódolos lugares e puntos de interese patrimonial, histórico...etc.

Remata o sr. Pardo informando que o Concello buscará, no caso de que as haxa, as achegas doutras administracións públicas, xa que o proxecto é custoso economicamente falando, e a capacidade económica do concello limitada.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción transcrita.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Realizada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.

Ponse de manifesto o escrito presentado polo Grupo Municipal do PP, con data de rexistro de entrada de 29 de febreiro de 2008, e do seguinte teor literal:

“MOCIÓN DEL GRUPO MUNICIPAL POPULAR, CON MOTIVO DE LA CONMEMORACIÓN DEL DÍA 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DE LAS MUJERES

De acuerdo y al amparo de lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, el Grupo Municipal Popular del Ayuntamiento de OUTEIRO DE REI desea someter a la consideración del Pleno la siguiente MOCIÓN:

El próximo día 8 de marzo, celebramos nuevamente el Día Internacional de la Mujer. En una fecha como esta, desde todas las instituciones, desde todos los ámbitos políticos, sociales y culturales debemos poner de manifesto que, aunque son muchos los avances que se han conseguido en nuestro país en los últimos 20 años, aun queda mucho por hacer para conseguir esa verdadera igualdad entre mujeres y hombres que hará posible una sociedad más justa.

Es momento también de poner de manifesto cuales son las razones que hacen que en la sociedad española siga existiendo discriminación por razón de género. De nada sirven las Leyes si estas carecen de la suficiente ambición política, compromiso presupuestario y no son capaces de resolver los problemas reales de la mujer real.

Pese a las reformas legislativas, la realidad es decepcionante. En la actualidad, la tasa de paro masculino es del 6.88% frente al 11.05% de tasa de paro femenino. Somos el país de la Unión Europea con la tasa de paro femenino más alta dentro del tramo de edad comprendido entre los 25 a los 54 años. Además, las mujeres que trabajan desarrollando las mismas tareas que un hombre, reciben 30% menos de salario. Es hora de adoptar medidas urgentes para frenar de manera contundente el incremento de las tasas de paro femenino en nuestro país así como aquellas que eliminen las claras discriminaciones salariales que padecen hoy las mujeres españolas.

Es preciso que aquellas medidas legales previstas para hacer posible la conciliación de la vida personal, familiar y laboral sean contempladas en los convenios colectivos de las empresas. El acceso de la mujer al empleo ha de estar acompañado de una mayor flexibilidad de los horarios laborales, una mayor consideración de la retribución por objetivos y la imprescindible dotación de plazas de guardería para que ninguna mujer tenga que renunciar a su deseo de ser madre.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Queremos que la igualdad real se aplique desde la base de la sociedad y no al contrario. Entendemos que la igualdad real se consigue haciendo posible que una mujer tenga las mismas oportunidades que un hombre. Para ello hay que adoptar aun medidas de discriminación positiva que sitúen a la mujer española en el lugar que se merece en nuestra sociedad.

Cuando eso se consiga, la representación de las mujeres en la sociedad no será paritaria, será incluso superior, ya que hay más mujeres que hombres en nuestro país.

La España de la igualdad de oportunidades y la solidaridad no puede olvidarse de aquellas mujeres que tienen más dificultades. Por ello nuestro objetivo es alcanzar unos niveles de bienestar equiparables a los de los países más avanzados del mundo.

La violencia de género sigue golpeando con fuerza a las mujeres. No es posible aguantar esta lacra social ni un día más. El año pasado 72 mujeres murieron víctimas de este tipo de violencia. La actual legislación se muestra ineficaz para acabar con ella. Es el momento de que cada mujer tenga la protección adecuada a su situación y se dediquen los recursos necesarios para la aplicación efectiva de la Ley Integral contra la violencia de género.

Por ello, el Grupo Municipal Popular presenta al Pleno para su consideración y aceptación en su caso, los SIGUIENTES ACUERDOS:

1.- Instar al Gobierno de la Nación a que de manera urgente ponga en marcha un PLAN DE FOMENTO DE EMPLEO FEMENINO con el fin de que la tasa de actividad femenina se aproxime al 70% al finalizar la legislatura.

2.- Instar al Gobierno de la Nación a que refuerce la vigilancia y sanción de aquellas empresas que tengan desigualdades salariales por razón de género.

3.- Instar al Gobierno de la Nación a que elabore un Plan Nacional de Guarderías en colaboración con las Administraciones Autonómicas y Locales, con el fin de que las mujeres con hijos a cargo puedan acceder a un empleo y tengan garantizada la escolarización de sus hijos.

4.- Solicitar del Gobierno de la Nación el incremento del número de juzgados especializados en violencia de género, dotándolos de los medios necesarios para garantizar su funcionamiento, así como la puesta en marcha de planes de seguridad personalizados para aquellas mujeres víctimas de violencia de género.

5.- Pedir al Gobierno de la Nación que adopte las medidas precisas para que en el marco del Pacto de Toledo se aumente el cálculo de las pensiones de las viudas hasta el 70% de la base reguladora.

En Outeiro de Rei, a 29 de marzo de 2008.

*Fdo.: José Pardo Lombao,
Portavoz del Grupo Municipal Popular”*



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Rematada a exposición da moción, xustifica a urgencia o sr. Pardo Lombao, tanto na importancia actual dos temas expostos no texto transcrito da moción e da urgencia da súa solución, coma na proximidade do día a celebrar e na improcedencia de presentar a moción con posterioridade.

Rematada a exposición da moción e dos motivos de urxencia, sométese a votación a urxencia da moción.

Efectuada a votación, a urxencia resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

A continuación, toma a palabra dona Dulce María Neira Fraga, en representación do Grupo Municipal do BNG, que expón que o texto da moción fai referencia a grandes principios de actuación, e se dirixe contra a Administración Xeral do Estado, cando as competencias neste eido están transferidas as Comunidades Autónomas, polo que debería dirixirse á Xunta de Galicia.

Intervén o sr. Miguel Ángel López Varela, como voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que informa que a aprobación dun plan de fomento de emprego da poboación feminina é unha competencia autonómica, da Consellería de Traballo, e que Administración Xeral do Estado aprobou o Plan Aurora que, conjuntamente con outros plans, conseguiu que, dende o primeiro trimestre de 2004, con un número de seis millóns, novecentas mil novecentas sesenta mulleres ocupadas, pasaran, no segundo trimestre do 2007 a oito millóns, trescenta nove mil seiscentas. Por outra banda, a taxa de paro feminino pasou, dende o primeiro trimestre de 2004, do 14,94% ao 10,49% do segundo trimestre do 2007. Estes logros non obstan á necesidade de continuar con este esforzo de mellora.

Asemade, fálase no texto da moción da aprobación dun plan nacional de guarderías, e recórdase que xa temos un plan de garderías coa rede de escolas e galescolas.

No tocante aos xulgados, nesta legislatura creáronse moitos máis xulgados específicos da violencia de xénero. Asemade, no ano 2004 existían 504 axentes contra a violencia de xénero, e hoxe en día 1.648, de xeito tal que se triplicaron nestos últimos catro anos, e creáronse 83 novos xulgados de violencia de xénero. Polo tanto, o contido da moción parte dunhas premisas ilógicas.

Fai uso da palabra o sr. Pardo Lombao, que indica que o feito de que as CCAA teñan competencias nestes eidos non exclúe a posibilidade de que a Administración Xeral do Estado impulse e favoreza estas políticas mediante a formulación de plans propios que, conxuntamente cos plans autonómicos, reforce o cumprimento destes obxetivos de igualdade. Así, o texto da moción fala de colaborar coas outras administracións nos eidos das súas competencias e, eso sí, no marco das competencias exclusivas estatais, que asuma unha actuación insustituible (xulgados, pensións...).



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Por outra banda, reconece que se crearon novos xulgados de violencia de xénero, se ben o número de agresións, desgraciadamente, cada día é maior. Isto é indiscutible e evidencia que as actuacións levadas a cabo son insuficientes.

No tocante ás pensións das viudas, estímase que é necesario, polo menos máis necesario como a devolución indiscriminada dos 400 euros, tanto ao pequeno asalariado coma ao que gaña dous millóns de euros.

Sinala don Miguel Ángel que a pensión mínima, durante os oito anos de goberno do PP, subiron arredor de 90 euros, mentres que nos últimos catro anos incrementáronse en 116,79 euros. É dicir, subiron o triple anualmente que durante o goberno popular. Conclúe que queda moito por traballar, pero que xa se obtiveron logros importantes.

Cree o voceiro que non se está legitimado para formular mocións coma estas cando, tras gobernar oito anos, non fixeron o que agora propoñen. Recorda que se crearon 83 xulgados específicos de violencia de xénero (antes non había ningún), se triplicaron os axentes, se aprobou a Lei de Igualdade... Antes non había nada.

Recórdalle o sr. Pardo Lombao que o PSOE gobernou os 16 anos anteriores ao goberno do Partido Popular, polo que se non había nada algo terán que ver eles tamén.

Intevén a concelleira do BNG, que indica que a efectiva implantación de políticas de igualdade debe escomenzar pola educación, e para iso se require a colaboración dos concellos. Para acadar isto, deberíase solicitar da Consellería do Benestar, a posta en marcha de obradoiros para a xuventude ou galescolas.

Alega o sr. Pardo Lombao, que os seus partidos, e fai referencia aos dous porque, polo menos formalmente están nun único goberno, aínda que se fagan oposición entre sí, son moi proclives á intervir e dispor dos recursos municipais. Así, o proxecto de lei de servizos sociais pretende que os concellos aporten un 7% do seu orzamento a financiar un servizo originalmente autonómico. Isto implica descoñecer o principio de autonomía local e a súa dimensión de autonomía no gasto e autonomía financeira. Non se poden diseñar programas de gasto que financian outros.

En contesta á intervención do PSdG-PSOE referente á suba das pensións, alega que as circunstancias nas que se atopou o Partido Popular cando exerceu o Goberno non eran as mesmas que as do PSOE, xa que o PP chegou ao Goberno nunha situación económica financeira das contas públicas ao borde da quiebra, mentres que o PSOE hereda un superhábit moi abultado do anterior executivo. De feito dín os seus dirixentes que lles sobran os cartos...

Tras aquela situación de despilfarro e, aínda peor, de corrupción a tódolos niveis, as subas nas pensións que aplicou o Goberno Popular tense que interpretar coma un gran esforzo. Parecía imposible que España poidese entrar en Mástrich o na zona Euro, pero o PP o fixo posible.

Hoxe en día, voltamos a estar camiñando, e máis velozmente, polas aquelas circunstancias que encamiñaban ao desastre: 4.500 novos parados cada día...



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Que se creáron 83 xulgados de violencia de xénero: dacordo. Pero é insuficiente, e as cifras de agresións o manifestan. Creo que as circunstancias esixen incrementar os esforzos.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada por sete votos a favor, pertencentes aos membros do Grupo Municipal do Partido Popular, tres votos en contra, pertencentes aos membros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, e unha abstención, pertencente ao Concelleiro do Grupo Municipal do BNG.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES.

Ponse de manifesto o escrito presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 29 de febreiro de 2008, e do seguinte teor literal:

“O concelleiro/a na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI :

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte :

MOCIÓN DE URXENCIA :

MOCION CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO DÍA 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

Conmemoramos un ano mais o 8 de marzo, o día Internacional de todas as mulleres.

Un día cheo de reivindicacións, de esperanzas, e sobre todo de futuro. Sempre é un día importante, pero este ano significa aínda máis por que temos que tomar unha decisión, as mulleres e os homes de noso país de avanzar polo camiño que o goberno socialista escomenzou fai agora 4 anos, ou retroceder.

Sí por que a alternativa é retroceder, nin sequera estancarnos.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Deixamos atrás os momentos nos que as inxustizas e as desigualdades contra as mulleres considerábanse no ámbito privado e persoal.

Hoxe temos en España unha Lei Integral contra a Violencia de Xénero que nos permite contar con máis instrumentos e recursos contra esta lacra social intolerable do machismo criminal. Tamén en Galicia se aprobou recentemente no Parlamento unha Lei Integral Galega que será decisiva nas políticas asistenciais, preventivas, sanitarias, educativas, etc. da nosa comunidade.

E por suposto contamos ca Lei de Igualdade Efectiva entre mulleres e homes, que significa o recoñecemento do dereito das mulleres a compartir en equilibrio cos homes, todas e cada unha das facetas da vida social, política e familiar.

Abrimos pois, os camiños cara a igualdade efectiva, pero agora hai que transitalos, temos que facelo entre todas e todos, conscientes de que estamos exercendo dereitos de cidadanía. Dereitos conquistados que no poden arrebatarnos.

Pese a que aínda exercen constantes discriminacións e abusos, dende o PSde G. PSOE. Seguiremos traballando para que as mulleres poidan vivir a súa maternidade plenamente e coa garantía de protección dos poderes públicos para que poidan iniciar calquera carreira profesional e emprender calquera proxecto persoal, sabendo que haberá menos obstáculos, que os teitos de cristal xa non son irrompibles.

Hoxe podemos divisar con confianza o futuro que está a vir. Este é o noso desexo para o presente 8 de marzo. Pero para acadalo temos que xuntar as nosas forzas, as nosas voces. Así poderemos consolidar estes dereitos e abrir os novos camiños que aínda farán que a nosa sociedade sexa exemplar en respecto aos valores constitucionais e na profundización da democracia.

*Por todo elo, proponse o Pleno do Concello de Outeiro de Rei o seguinte acordo:
O Concello de Outeiro de Rei contribuirá a aplicar a desenvolver a Lei de Igualdade Efectiva de mulleres e homes a través dos seguintes compromisos :*

Conseguir a participación das mulleres na toma de decisións nos asuntos que interesan a toda a cidadanía.

Erradicar a inestabilidade, o desemprego e a temporalidade que segue afectando esencialmente ao emprego feminino e as diferentes retributivas que aínda persinten.

Favorecer a corresponsabilidade entre homes e mulleres no coidado das persoas e nos traballos domésticos.

Favorecer a creación de servizos de apoio temporais para atender o coidado dos nenos e nenas en situación específicas (vacacións escolares, actividades do tempo libre ...).

Na loita contra a violencia de xénero este Concello Comproméntese a :

Incrementar o rexeitamento social sobre o agresor a través de campañas municipais para maior concienciación e sensibilización.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Poñer en marcha un programa específico de prevención de violencia de xénero , dirixido especialmente a xóvenes.

Aumentar e reforzar os mecanismos postos en marcha para protexer e atender ás mulleres vítimas da violencia de xénero.

Facilitar cursos de formación en colaboración coa Xunta de Galicia, para toda se todos os profesionais que toman partido no proceso de erradicación da violencia machista.

En Outeiro de Rei a 28 de Febreiro de 2008

*ASDO : Miguel Angel López Varela
Portavoz do Grupo Municipal Socialista”*

Rematada a exposición da moción, xustifica a urgencia o voceiro do PSdG-PSOE, na proximidade do día a celebrar e na improcedencia de presentar a moción con posterioridade.

Rematada a exposición da moción e dos motivos de urxencia, sométese a votación a urxencia da moción.

Efectuada a votación, a urxencia resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

A continuación, afronta a defensa da moción don Miguel Ángel López Varela, en representación do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, expondo un resumo da moción.

Intervén o sr. Voceiro do Grupo Municipal do PP, que informa que o equipo de goberno do Partido Popular, xa está a desenrrolar as actuacións propostas na moción. Pon un exemplo: fai uns anos, a Xunta de Galicia viña outorgando aos concellos galegos unha achega económica para a realización de actividades de promoción da igualdade: realización de cursos, charlas...etc. O concello de Outeiro de Rei, con esta cofinanciación, viña realizando estas actividades de promoción da igualdade. Hoxe en día, a Xunta de Galicia xa non aporta axuda algunha, e o concello de Outeiro de Rei segue a desenrrolar estas actividades.

Por iso, propón que se dirixan estas pretensións aos gobernantes autonómicos, xa que estas actuacións deben desenrrolarse co concerto e cofinanciación de outras administracións públicas. O voceiro do PSdG-PSOE ten que ter por seguro que o concello de Outeiro de Rei vaise adherir a toda liña de financiación autonómica dirixida á formación ou promoción da muller.

Realmente, presentar esta moción o que fai é evidenciar un profundo descoñecemento da actuación do concello de Outeiro de Rei nesta materia.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Por iso está dacordo coa moción, porque apunta a actuacións que, aínda que xa se prestan polo concello, son necesarias para acadar a efectiva igualdade entre mulleres e homes, debéndose seguir por este camiño. Todo o que se faga ao respecto está ben.

Fai uso da palabra dona Dulce María Neira Fraga, en representación do Grupo Municipal do BNG, que apunta que está dacordo co contido da moción, pero que a súa presentación, ao igual que a do Partido Popular, está tintada de electoralismo, tanto pola proximidade do día internacional da muller coma das eleccións xerais. A situación é o suficientemente sangrante como para non facer política con ela. É por ista razón pola que anuncia a súa abstención.

Respóstalle o sr. Pardo Lombao que descoñece se a moción do PSOE ten intencións electorais, pero asegura que a do PP non as ten. O que sucede é que a día de hoxe todavía existen desigualdades sociais entre os homes e as mulleres, fruto dunha cultura anterior e que deben ser correxidas, de ahí o día internacional da muller. E como o día internacional do muller coincide a día 8 de marzo, as mocións deben presentarse para este pleno, non un ou dous meses máis tarde.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada con nove votos a favor e unha abstención, pertencente á concelleira do Grupo Municipal do BNG.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA Á VIOLENCIA DE XÉNERO

Ponse de manifesto o escrito presentado polo Grupo Municipal do PP, con data de rexistro de entrada de 29 de febreiro de 2008, e do seguinte teor literal:

“MOCIÓN DEL GRUPO MUNICIPAL POPULAR, CON MOTIVO DE LA CONMEMORACIÓN DEL DÍA 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DE LAS MUJERES

De acuerdo y al amparo de lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, el Grupo Municipal Popular del Ayuntamiento de OUTEIRO DE REI desea someter a la consideración del Pleno la siguiente MOCIÓN:

El próximo día 8 de marzo, celebramos nuevamente el Día Internacional de la Mujer. En una fecha como esta, desde todas las instituciones, desde todos los ámbitos políticos, sociales y culturales debemos poner de manifesto que, aunque son muchos los avances que se han conseguido en nuestro país en los últimos 20 años, aun queda mucho por hacer para conseguir esa verdadera igualdad entre mujeres y hombres que hará posible una sociedad más justa.

Es momento también de poner de manifesto cuales son las razones que hacen que en la sociedad española siga existiendo discriminación por razón de género. De nada



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

serven las Leyes si estas carecen de la suficiente ambición política, compromiso presupuestario y no son capaces de resolver los problemas reales de la mujer real.

Pese a las reformas legislativas, la realidad es decepcionante. En la actualidad, la tasa de paro masculino es del 6.88% frente al 11.05% de tasa de paro femenino. Somos el país de la Unión Europea con la tasa de paro femenino más alta dentro del tramo de edad comprendido entre los 25 a los 54 años. Además, las mujeres que trabajan desarrollando las mismas tareas que un hombre, reciben 30% menos de salario. Es hora de adoptar medidas urgentes para frenar de manera contundente el incremento de las tasas de paro femenino en nuestro país así como aquellas que eliminen las claras discriminaciones salariales que padecen hoy las mujeres españolas.

Es preciso que aquellas medidas legales previstas para hacer posible la conciliación de la vida personal, familiar y laboral sean contempladas en los convenios colectivos de las empresas. El acceso de la mujer al empleo ha de estar acompañado de una mayor flexibilidad de los horarios laborales, una mayor consideración de la retribución por objetivos y la imprescindible dotación de plazas de guardería para que ninguna mujer tenga que renunciar a su deseo de ser madre.

Queremos que la igualdad real se aplique desde la base de la sociedad y no al contrario. Entendemos que la igualdad real se consigue haciendo posible que una mujer tenga las mismas oportunidades que un hombre. Para ello hay que adoptar aun medidas de discriminación positiva que sitúen a la mujer española en el lugar que se merece en nuestra sociedad.

Cuando eso se consiga, la representación de las mujeres en la sociedad no será paritaria, será incluso superior, ya que hay más mujeres que hombres en nuestro país.

La España de la igualdad de oportunidades y la solidaridad no puede olvidarse de aquellas mujeres que tienen más dificultades. Por ello nuestro objetivo es alcanzar unos niveles de bienestar equiparables a los de los países más avanzados del mundo.

La violencia de género sigue golpeando con fuerza a las mujeres. No es posible aguantar esta lacra social ni un día más. El año pasado 72 mujeres murieron víctimas de este tipo de violencia. La actual legislación se muestra ineficaz para acabar con ella. Es el momento de que cada mujer tenga la protección adecuada a su situación y se dediquen los recursos necesarios para la aplicación efectiva de la Ley Integral contra la violencia de género.

Por ello, el Grupo Municipal Popular presenta al Pleno para su consideración y aceptación en su caso, los SIGUIENTES ACUERDOS:

1.- Instar al Gobierno de la Nación a que de manera urgente ponga en marcha un PLAN DE FOMENTO DE EMPLEO FEMENINO con el fin de que la tasa de actividad femenina se aproxime al 70% al finalizar la legislatura.

2.- Instar al Gobierno de la Nación a que refuerce la vigilancia y sanción de aquellas empresas que tengan desigualdades salariales por razón de género.



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

3.- *Instar al Gobierno de la Nación a que elabore un Plan Nacional de Guarderías en colaboración con las Administraciones Autonómicas y Locales, con el fin de que las mujeres con hijos a cargo puedan acceder a un empleo y tengan garantizada la escolarización de sus hijos.*

4.- *Solicitar del Gobierno de la Nación el incremento del número de juzgados especializados en violencia de género, dotándolos de los medios necesarios para garantizar su funcionamiento, así como la puesta en marcha de planes de seguridad personalizados para aquellas mujeres víctimas de violencia de género.*

5.- *Pedir al Gobierno de la Nación que adopte las medidas precisas para que en el marco del Pacto de Toledo se aumente el cálculo de las pensiones de las viudas hasta el 70% de la base reguladora.*

En Outeiro de Rei, a 29 de marzo de 2008.

*Fdo.: José Pardo Lombao,
Portavoz del Grupo Municipal Popular”*

Rematada a exposición da moción, xustifica a urgencia o sr. Pardo Lombao, no incremento espectacular das agresións producidas por violencia de xénero, de feito que, fai catro días, morreron catro mulleres no mesmo día vítimas de agresións. Esta situación esixe a adopción de medias urxentes polo Goberno da Nación.

Polo tanto, non está esta moción coa vista posta no 9 de marzo, senón que é a reacción lóxica duns actos terribles nun sorprendentemente curto período de tempo. O feito de que se inclúan medidas coma a creación de novos xulgados de violencia de xénero ou de reforzo dos axentes de protección (que lóxicamente serán tarefas a afrontar polo novo goberno que saia das urnas), non é óbice de que se deban adoptar medidas urxentísimas de protección da muller.

Rematada a exposición da moción e dos motivos de urxencia, sométese a votación a urxencia da moción.

Efectuada a votación, a urxencia resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

Don José Pardo Lombao expón a defensa da moción, remitíndose ao exposto na justificación da urxencia.

Dona Dulce María Neira Fraga asegura que está dacordo co contido da moción, xa que é certo que se adoptaron medidas de protección, pero tamén é certo que son insuficientes. Por iso anuncia o apoio da moción presentada.

Pola súa banda, o voceiro do PSdG-PSOE, dí que apoiaría a moción sempre que se modifique o texto da moción, concretamente no seu punto primeiro, cando fala de “*eleva a máis enérxica protesta ao Presidente do Goberno pola súa incapacidade e*



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

insensibilidade demostrada.... ” Así, en efectivos das forzas e corpos de seguridade do estado, en Marzo de 2004, había arredor de cento dezanove mil douscentos corenta e cinco efectivos, hoxe en día temos centro trinta e seismil novecentos nove efectivos. En seguridade pública o gasto era do 0,49%, e agora do 0,60%, en xulgados, antes ningún, agora 83, o triple de axentes de violencia de xénero e de novas prazas de xuíces e fiscales.... Polo tanto, non entendemos que se atope nesta evolución unha insensibilidade, senón unha vontade de atallar o problema.

Que hai que traballar máis; por suposto. Pero tamén hai que recoñecer o esforzo feito.

Respostalle o sr. Pardo Lombao que no PSOE son moi dados a perderse en cifras (máis xulgados, máis km de estradas...). Lóxicamente, un goberno que gasta os cartos que pagamos todos ten que crear novos servizos e autoestradas (máis xulgados, máis km de estradas...). Sólo faltaría. O que sucede é que tense que priorizar na asignación de recursos. E, a día de hoxe, o número de vítimas incrementouse e é aterrador. Por iso se fala de insensibilidade; porque hai que adicar moitos máis recursos que, a día de hoxe, se adican a outras cousas.

O voceiro do PSOE fala de suprimir un fragmento do texto, porque ten a vista centrada no día 9 de marzo. Pero nos a temos centrada no día 8 e no problema das mulleres e da violencia de xénero. Por iso redactouse o texto da moción tal e como se presenta.

Non obstante, podemos aceptar suavizar o texto coa finalidade de obter o consenso sobre a finalidade da moción. Poderíase substituír o fragmento citado do texto por *“esixir ao Goberno da Nación...”*

Asegura o sr. López Varela que, cando eles presentan mocións, non fan referencia a actos ou posturas de outros gobernos ou partidos, senón que se centran na proposta dunha solución. Por outra banda, cos datos na mao, non se pode falar de insensibilidade, e por iso, se se mantén a redacción orixinal proposta, teñen que votar en contra.

O sr. Pardo Lombao, informa que, demostrando que no tratamento deste tema non teñen a vista centrada no 9 de marzo, propón modificar a redacción do texto da moción, suprimindo *“elevar a máis enérxica protesta ao Presidente do Goberno pola súa incapacidade e insensibilidade demostrada....* ” e substituíriase por *“esixir ao Goberno da Nación que tome tódalas medidas necesarias para facer efectivo a finalidade da Lei de Igualdade”*

Engade o concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, que pese o manexo de cifras que presenta o voceiro do PSdG-PSOE, o número de vítimas está ahí, polo que as medidas non son eficaces ou suficientes. No tocante a creación dos xulgados, na meirande parte de España o que se fixo foi sobrecargar aos xulgados de instrución cos asuntos de violencia de xénero, polo que a medida non mellora a tutela xudicial coma se anuncia.

Asegura o voceiro do PSdG-PSOE, que poden aleagar que nos perdemos en cifras, pero o certo é que se adoptaron moitas medidas, e que se a Lei de Igualdade non



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

funciona ao 100% ou ten incorreccións, se solventarán, pero o importante é por a andar as políticas neste eido e ter vontade de atallar os problemas.

O sr. Pardo Lombao, expresa que, quizabes, o PSdG-PSOE non debería, polo seu propio interese, aportar tantas cifras. A razón é a seguinte: se invertiron moitos cartos en atallar o problema da violencia de xénero e o resultado é que o problema se agravou, significa que existiu un problema de xestión.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción transcrita coa corrección expresada durante o debate.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE

Polo sr. Secretario dase lectura en viva voz do texto do rogo presentado polo Grupo Municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 29 de febreiro de 2008, e do seguinte teor literal:

“O concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como ROGO, con relación o punto 5º da Orde do Día do Pleno da data:

Este grupo municipal ten coñecemento, de que a Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes, está a fomentar a calidade no transporte, con diversas iniciativas.

Unha delas é a realización de áreas de Estacionamento de Autobuses, nas zonas urbanas dos concellos, ou naquelas zonas donde as paradas dos autobuses conleven un risco para o tráfico.

Polo esposto ROGO ó Goberno Municipal que realice os tramites e xestións necesarias diante a administración Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes; Dirección Xeral de Transportes, para solicitar unha área de Estacionamento de Autobuses..

En Outeiro de Rei, a 28 de Febreiro de 2.008

Asdo. Miguel Angel López Varela

O sr. Alcalde manifesta a súa conformidade coa proposta, que xa se puxera andar co goberno autonómico do PP, por considerar convinte o desenrolo do transporte interurbano nas áreas metropolitanas, xa que pódese implantar un transporte de calidade cos concellos, coma o noso, que favoreza a mobilidade. Co goberno anterior tívose contactos neste sentido. A día de hoxe, e co actual goberno da Xunta, ninguén se dirixiu ao concello de Outeiro de Rei con este fin, o que parece unha situación grave pola importancia que reportaría este servizo á zona de Guillar, Robra ou Outeiro de Rei (os



CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

entornos da N-VI). Dende aquí se esixe á Xunta a posta en marcha deste Plan, de gran interese para o desenvolvemento económico, social e cultural do entorno da cidade de Lugo.

E non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia dase por finalizada a sesión, sendo as quince horas e trinta minutos, da que eu Secretario, extendo a presente acta có visto e praxe do Sr. Alcalde.”

Vº e Praxe,
O Alcalde,